*Vista a alegación presentada contra o SC 02/2018 por CHANTADA-CUP, mediante Rexistro de entrada 2018-E-RE-67, de data 25/07/2018.*

*Visto o Informe de Intervención de data de asina do documento electrónico.* 14

***PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO***

1. *Desestimar a alegación por non proceder ao non atoparase a mesma dun suposto taxado pola Lei.*
2. *Que se proceda á aprobación definitiva polo Pleno do* **SUPLEMENTO DE CRÉDITO** *02/2016 por importe de 630.406,65€, conforme ao seguinte detalle:*

INCREMENTO DO GASTO

| ***Aplicación orzamentaria*** | ***Denominación*** | ***Importe*** |
|---|---|---|
| *920/226.99* | *Otros gastos diversos* | *630.406,65€* |
| ***TOTAL*** | | ***630.406,65€*** |

INCREMENTO DE INGRESOS

| ***Concepto*** | ***Destino*** | ***Importe*** |
|---|---|---|
| *870.00* | *Remanente de Tesourería para Gastos Xerais* | *630.406,65€* |
| ***TOTAL*** | | ***630.406,65€*** |

3. *Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.*
4. *Simultáneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado."*

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Comisión Especial de Contas de data 04 de setembro de 2018.

Ábrese o turno de intervencións: que extractadas son as seguintes:

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que xa se debatiu suficientemente isto. En forma non caben as alegacións. Nos remitimos o xa dito noutras ocasións.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que seguimos coa abstención, porque hai que dotar de crédito. Despois haberá un proceder posterior.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que é un tema sensible que en todo momento nós opuxémonos a el e que a proposta que se fai agora pásase por alto. Hai un pago a empresa hoxe, á empresa Fevisa, pero está reparado por outros temas. Imaxinemos este caso que se fraccionou, sen crédito, como xa dixo o anterior secretario, e tamén o Consello Consultivo. Estamos ante unha indemnización, hai que indemnizar pola obra, os xuros de demora etc. o que non pode ser é unha valoración feita polo arquitecto por máis contía e que a empresa fixese a obra a perdas.

Alcalde.- As facturas viñan sen beneficio industrial, porque viña polo importe que se lle contratou por outra vía. Non leva nin gastos xerais nin beneficio industrial.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que non hai contratación.

Alcalde.- As obras que se lle adxudicaron eran as da Comunidade Autónoma. Está a factura co importe de rexenaración de metro cuadrado e máis IVA. Di que as empresas fixeron máis kilómetros da factura.



Solicitase polo voceiro do Grupo Municipal "Por Chantada-CUP" a votación nominal prevista no artigo 102.2 do ROF. Sométese a votación a proposta que reflicte o seguinte resultado:

A favor da Votación nominal do asunto: PSOE (2) e Por Chantada-CUP (1)

En contra da votación nominal do asunto: Grupo Municipal INTA (5)

Abstencións: Grupo Municipal do PP (2)

Deste xeito quedou rexeitada a proposta de voto nominal do artigo 102.2 do ROF.

Con posterioridade e tralo o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, co voto favorable do Grupo Municipal INTA (5),a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (2) e cos votos en contra do Grupo Municipal do PSG-PSOE (2), e de Por Chantada-Cup (1), ACORDA:

1.- Desestimar a alegación por non proceder ao non atoparase a mesma dun suposto taxado pola Lei.

2.- Que se proceda á aprobación definitiva polo Pleno do **SUPLEMENTO DE CRÉDITO** 02/2016 por importe de 630.406,65€, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DO GASTO

| Aplicación orzamentaria | Denominación | Importe |
|---|---|---|
| 920/226.99 | Otros gastos diversos | 630.406,65€ |
| **TOTAL** | | **630.406,65€** |

INCREMENTO DE INGRESOS

| Concepto | Destino | Importe |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente de Tesourería para Gastos Xerais | 630.406,65€ |
| **TOTAL** | | **630.406,65€** |

3.- Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.

4.- Simultáneamente o envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

## 5.- MODIFICACIÓN DA BASE 21 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. EXP. G-08/2018.

Pola Sra. Secretaria de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Comisión Especial de Contas de data 04 de setembro de 2018.



Vista a proposta da Alcaldía de data 24/08/2018 que transcrita literalmente é do seguinte tenor:

***VISTAS** a Base 21 das bases de execución do Orzamento para o exercicio 2018, na que se sinala entre outras cousas que*

*" (…)*

*En virtude da potestade conferida dacordo co apartado segundo do artigo 4 da Lei 25/2013, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente a través do FACE a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000 €, impostos incluídos.*

*Igualmente quedan excluídas das facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, dacordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos."*

***VISTO** o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que sinala que*

*" (…)*

*2. En todo caso, **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións** Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:*

*a) As persoas xurídicas.*

*b) As entidades sen personalidade xurídica.*

*c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colegiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.*

*d) Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.*

*e) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.*

*3. Regulamentariamente, as Administracións poderán establecer a obrigación de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios."*

*Esta Alcaldía,*

***PROPÓN***

1. *A modificación da Base 21 das Bases de Execución do Orzamento, nos seguintes termos:*

   *" (…)*

   *En virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, quedan obrigadas a facturar electrónicamente e a súa presentación a través do punto xeral de entrada a través do FACE de este Concello todas as entidades sinaladas no artigo sinalado"*



Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Comisión Especial de Contas de data 04 de setembro de 2018.

Ábrese o turno de intervencións que extractadas son as seguintes:

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que non temos inconveniente. As bases de execución do presuposto están para cumprirse.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que si conta esta modificación co visto e prace da intervención nos apoiamos.

Alcalde.- Non obstante hai que seguir facendo seguimento perfecto. Os albaráns deberán seguir estando conformados.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que non vemos problemas, se se le esta base é o punto anterior. Rogo que se teña cuidado coa redacción en galego do escrito e na expresión.

Con posterioridade e tralo o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, cos votos favorables da unanimidade dos membros, ACORDA:

1. A modificación da Base 21 das Bases de Execución do Orzamento, nos seguintes termos:

   “ (…)

   En virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, quedan obrigadas a facturar electrónicamente e a súa presentación a través do punto xeral de entrada a través do FACE de este Concello todas as entidades sinaladas no artigo sinalado

**6.- RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL Ó SERVIZO DO CONCELLO DE CHANTADA (RD 956/2018, DO 27/07/2018). EXP G-939/2018.**

Pola Sra. Secretaria de conformidade co disposto no artigo 93 do ROF dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Comisión Especial de Contas de data 04 de setembro de 2018.

Vista a proposta da Alcaldía de data 30/08/2018 que transcrita literalmente é do seguinte tenor:

*“De conformidad con lo previsto por la disposición adicional quincuagésima cuarta apartado Seis de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018.*

*Visto el Acuerdo adoptado por la Mesa General de Negociación del Ayuntamiento de Chantada el 29 de agosto de 2018, sobre régimen retributivo en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio del Ayuntamiento de Chantada.*

*Se PROPONE al Pleno de la Corporación*

*Primero.- Aprobar para todo el personal, funcionario o laboral, al servicio del Ayuntamiento de Chantada, incluido en el Régimen General de la Seguridad Social, que el complemento retributivo desde el primer día en situación de incapacidad temporal o licencia por enfermedad, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance el cien por cien de sus retribuciones ordinarias del mes de inicio de la incapacidad temporal.*

*Segundo.- Aprobar para todo el personal, funcionario o laboral, al servicio del Ayuntamiento de Chantada, que la forma de justificación de las ausencias por causa de enfermedad o que den lugar a una incapacidad temporal, mediante la exigencia del correspondiente parte de baja o documentación acreditativa, según proceda, desde el primer día de ausencia.*

*Tercero.- Aprobar que el complemento de productividad, incentivos al rendimiento u otros conceptos retributivos de naturaleza análoga se regirán por las reglas y criterios de aplicación que estén establecidos para cada uno de ellos, sin que resulte de aplicación lo establecido en los puntos anteriores.*

*Cuarto.- Publicar en el «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» y surtirá efectos desde el día siguiente de su publicación.”*

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Comisión Especial de Contas de data 04 de setembro de 2018.

Ábrese o turno de intervencións que extractadas son as seguintes:





Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 CIF: P2701600E
-concello@concellodechantada.com

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que nós non entendemos por qué non ven a pleno a totalidade do acordo, a constitución do grupo de traballo. Ten que haber un control sobre esas baixas. Quería preguntar por qué non está ese punto.

Alcalde.- Se está ese acordo non entendo por que o evitan que puido ser un erro.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que existe gran absentismo laboral.

Di a secretaria que na medida en que se foi negociado non habería problema.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que ese grupo de traballo deberá ter dúas xuntanzas anuais e pide que se de conta á Xunta de Portavoces.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que nas actas que figuran desequilibrios nas contas, tamén hai subas laborais e recoñecementos e pódenos levar a incumprimento de regra de gasto e a ver como nos afecta. Fálase dos prazos da RPT e a nós non nos chegou nada. Non sei se vai vir cos orzamentos. Pide que se estude a posibilidade de control de entradas e saídas porque entende que as administracións deberemos dar exemplo. Consta o Sr. Alcalde dicindo que estase adiantando ós acontecementos. Reconoce que non lle parece mal fichar.

Por parte de tódolos concelleiros presentes aceptan por unanimidade a inclusión como punto cuarto do acordo o seguinte, tendo en conta que foi sometido e acordado pola Mesa Xeral de negociación do Concello de Chantada do día 29 de agosto de 2018: "Crear un grupo de traballo no seno da Mesa de Negociación en materia de análise do absentismo laboral nos termos sinalados no apartado cuarto da disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018".



Con posterioridade e tralo o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, co voto favorable do Grupo Municipal INTA (5), do Grupo Municipal do Partido Popular (2), do Grupo Municipal do PSG-PSOE (2), e a abstención de Por Chantada-Cup (1), ACORDA:

Primeiro.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Chantada, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Segundo.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Chantada, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Terceiro.- Aprobar que o complemento de produtividade, incentivos ao rendemento ou outros conceptos retributivos de natureza análoga rexeranse polas regras e criterios de aplicación que estean establecidos para cada un deles, sen que resulte de aplicación o establecido nos puntos anteriores.

Cuarto.-Crear un grupo de traballo no seno da Mesa de Negociación en materia de análise do absentismo laboral nos termos sinalados no apartado cuarto da disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Quinto.- Publicar no «Boletín Oficial da Provincia de Lugo» e fornecerá efectos desde o día

seguinte da súa publicación.

**7.-RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19/06/2018 "Obradoiro de Emprego IV".-Exte. G-713/2018.**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2018 o cal transcrito literalmente é do seguinte teor:

**"3.2.- SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO. EXPEDIENTE 713/2018**

*Vista a Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

*Visto que con data 14 de xuño de 2018, asinouse un convenio de colaboración entre os concellos limítrofes de Chantada e Carballedo, para determinar as condicións polas cales se levará a cabo a colaboración dos mencionados concellos para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun obradoiro de emprego no termo da citada orde.*

*Visto o informe de Intervención de 19 de xuño de 2018.*

*Visto o informe de Secretaría de 19 de xuño de 2018.* 20

*Vista a Retención de crédito por importe de 30.000€.*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adoptou entre outros o seguinte*

*ACORDO*

*PRIMEIRO: Solicitar a subvención ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

*SEGUNDO: Encomendar a xestión ó Concello de Carballedo para tramitar ante a Consellería unha subvención para o Obradoiro de emprego "Serra do Faro IV", ó abeiro da Orde do 4 de maio de 2018, e no seu caso, a posterior xestión do programa formativo.*

*TERCEIRO: Acollerse ó contido da citada Orde, e formular a solicitude de subvención en colaboración co Concello de Carballedo.*

*CUARTO: Aprobar as seguintes actuacións no proxecto para o Concello de Chantada no marco do Obradoiro Serra do Faro IV:*

1. *Proxecto de acondicionamento da Ruta dos Codos de Belesar.*
2. *Mantemento do viveiro e xardíns municipais.*
3. *Conservación do monte do San Lucas.*
4. *Rexeneración das berarrúas e zonas verdes da Avenida de Monforte.*



Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 CIF: P2701600E
-concello@concellodechantada.com

*A aportación municipal para este proxecto ascenderá a 30.000€.*

*A transferencia de fondos ó Concello de Carballedo efectuarase a medida que este último recoñeza as obrigacións.*

*QUINTA: Facultar ó Sr. Alcalde-presidente do Concello de Chantada para realizar as actuacións precisas para a execución do acordado e comunicar o presente acordo ós departamentos municipais afectados e ó Concello de Carballedo.*

*SEXTO: Dar conta ó Pleno do Concello deste acordo na próxima sesión que se celebre."*

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Comisión Especial de Contas de data 04 de setembro de 2018.

Ábrese o turno de intervencións: que extractadas son as seguintes:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa lle comentamos na Comisión que se lle deu o obradoiro da Serra do Faro IV. Mañá hai reunión con tódolos obradoiros. O obradoiro de Chantada é xardinería e albalenería. Mañá nos dirán cando empezan (sobre finais de outubro e comezos de novembro). Se coñecen a alguén pode anotarse na oficina de emprego dicindo que se anote para o obradoiro de emprego.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, manifestando que revisando as anotacións tamén se fala da conservación do San Lucas. Contesta o Sr. Alcalde que iso faise sempre.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, preguntando por qué encomendamos a xestión a Carballedo. Contesta o Sr. Alcalde manifestando que non hai inconveniente en que unhas veces se faga nun concello ou noutro.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que di a interventora que descoñece os gastos do proxecto. Entende o Sr. Alcalde que é porque non se sabe, xa que se basea nunhas previsións. Non sabemos a qué reservar. Este ano dotarase cunha cantidade cativa pero en 2019 si se dotará coa contía.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que aprobamos pero que entendemos que as persoas se reparten entre concellos. Contesta o Sr. Alcalde que o ano pasado foron doce para Chantada e oito para Carballedo. É obrigatorio a formación dual.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que rogo pedir permiso a patrimonio nos codos (afectado polo BIC).

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que hai que lembrar que os dous anteriores obradoiros xeraron facturas que despois había que facer recoñecemento extraxudicial. Se se fai todo outra vez na improvisación non sei as complicacións que pode ter. Creo que está infradotado.

Intervén o Sr. Diego Otero, dicindo que é unha aportación económica para coller máis puntos.

Alcalde.- Se non se levantan os reparos non se lle da material. Pregúntenlle.

Con posterioridade e tralo o debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e o Pleno do Concello de Chantada, co voto favorable do Grupo Municipal





Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 CIF: P2701600E
-concello@concellodechantada.com

INTA (5), do Grupo Municipal do Partido Popular (2), do Grupo Municipal do PSG-PSOE (2), e a abstención de Por Chantada-Cup (1), ACORDA:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2018 seguinte:

PRIMEIRO: Solicitar a subvención ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

SEGUNDO: Encomendar a xestión ó Concello de Carballedo para tramitar ante a Consellería unha subvención para o Obradoiro de emprego “Serra do Faro IV”, ó abeiro da Orde do 4 de maio de 2018, e no seu caso, a posterior xestión do programa formativo.

TERCEIRO: Acollerse ó contido da citada Orde, e formular a solicitude de subvención en colaboración co Concello de Carballedo.

CUARTO: Aprobar as seguintes actuacións no proxecto para o Concello de Chantada no marco do Obradoiro Serra do Faro IV:
1. Proxecto de acondicionamento da Ruta dos Codos de Belesar.
2. Mantemento do viveiro e xardíns municipais.
3. Conservación do monte do San Lucas.
4. Rexeneración das berarrúas e zonas verdes da Avenida de Monforte.

A aportación municipal para este proxecto ascenderá a 30.000€.

A transferencia de fondos ó Concello de Carballedo efectuarase a medida que este último recoñeza as obrigacións.



QUINTA: Facultar ó Sr. Alcalde-presidente do Concello de Chantada para realizar as actuacións precisas para a execución do acordado e comunicar o presente acordo ós departamentos municipais afectados e ó Concello de Carballedo.

SEXTO: Dar conta ó Pleno do Concello deste acordo na próxima sesión que se celebre.

**8.- MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.**

Non se trataron.

**PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**9.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas dende a anterior sesión ordinaria.

**10.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE AXUSTE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2018.**

A efectos de cumprir co disposto no art. 10 do Real Decreto-lei 7/2012, dáse conta do Informe de Intervención de Avaliación Trimestral (2º trimestre 2018) do Plan de axuste do Concello de Chantada, aprobado no seu día para a concertación da operación de endebedamento que financiou aboamentos a provedores tras acollerse o Concello ao mecanismo de pago previsto no Real Decreto-lei 4/2012.

**11.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2018.**

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntase no Pleno documentación relativa ao período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2018.

**12.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2018.**

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntase no Pleno o informe de morosidade correspondente ao 2º trimestre de 2018.

**13.- DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 2º TRIMESTRE DE 2018.**



O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administracións Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2018, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

**14.- DACIÓN DE CONTA DE REPAROS DE INTERVENCIÓN 64 A 74 DE 2018 E INFORMES DE OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN 03 E 04/2018.**

A efectos de cumprir co disposto no artigo 218.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**15.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**PSdeG-PSOE (Sra. Raquel López Rodríguez).**

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que sobre as dacións e o plan de axuste seguimos como sempre mais no que respecta ó período medio de pago se congratulan.

Continuando preguntando pola factura de FEVISA que non está asinada por un técnico municipal e que está reparada. Contesta o Sr. Alcalde dicindo que as obras fóronselle ensinar á interventora unha a unha e que o propio técnico municipal non pode certificar que están feitas.

Pregunta a Sra. Raquel López pola área de descanso do camiño de inverno. Contesta o Sr.

Juan Alberto Diéguez que é en Chao de Seixas. Engade Don Diego Otero, que é a primeira fase.

Comenta a Sra. Raquel López Rodríguez que unha veciña sufriu unha caída e que ela foi testemuña da caída. Parece que fracturou as costelas e parece que o problema foron as microfibras (material que se botou na rúa). Ensina Dona Raquel unha mostra e di que iso sucedeu o día 8 de agosto. Engade que é un material esvaradío. Pregunta se encargaron o informe á Policía Local da caída e por qué non se varreu.

Alcalde.- Contratamos a unha empresa e nós non sabemos mais. Eu descoñecía esta cuestión.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que quedou mal varrido o material.

Alcalde.- Se se bota ese material e houbese que pasarlle a vasoira iso sabeo a empresa.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, pedindo que lle envíen o informe cando a Policía Local o emita.

En relación coa Mostra de teatro, comenta a Sra. Raquel López Rodríguez que houbo queixas escritas. Di que se o concello sufraga os gastos, algunha resposta merecen os veciños. Pregunta por qué Argalleiras teatro non participou.

Contesta o Sr. Alcalde que iso organízase externamente, e que o Concello non participa neso. O Concello participa con Faro Miño. Argalleiras non sei por qué non participou. Ó mellor hai que tomar medidas e encargarlle a outras asociación, esta cuestión sí que está nas mans do Concello. Contesta a Sra. Raquel López Rodríguez que se hai queixas o Concello debe saber por qué existen esas queixas.



Intervén a Sr. Castor, dicindo que Argalleiras teatro fixeron preestreno en Mariz e teñen a actuación o día 15. Penso que aínda non estaban.

Intervén a Sra. Raquel López, e en relación ós vertidos na depuradora, pregunta se hai sancións por vertidos na depuradora. Sabemos que durante as festas tamén se produciu vertido. Vostede mencionou un proxecto para tanque de tormentas.

Alcalde.- Hoxe estivo o responsable de Viaqua e díxenlles que o sacaran do caixón para facer unha xestión, así que neste caso vamos solicitar entrevista co novo presidente da CHMS, e estaría encantado de que me acompañase. O proxecto non está rexistrado porque o ían facer eles. A depuradora de Chantada non é suficiente para o que se verte agora. Dende a Confederación ían participar na financiación.

Pregunta a Sra. Raquel López en relación os cheiros na vila se comprobaron se o concello ten competencias nos vertidos. Contesta o Alcalde que non as temos e que o que sabe é que o Concello o que pode facer é comunicalo a través de prensa e que durante os meses de verán non se boten vertidos no entorno de Chantada.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que do Punto Limpo chegaron queixas de que empresarios de Chantada foron dentro do horario de apertura para verter e non había ninguén e tampouco que ninguén colleu o teléfono. Contesta o Sr. Castor, que o empregado do Punto Limpo non estivo sempre no punto limpo, porque tamén estivo nas piscinas e que agora está de vacacións.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, preguntando polas obras no campo de fútbol. Contesta o Alcalde dicindo que esta semana empezarán e que tamén as retrasamos para que puideran xogar.

Pregunta a Sra. Raquel López si o Concello fixo trámites para que os clubes puideran xogar. Contesta o Sr. Alcalde que se lles está axudando.

Intervén Sr. Diego Otero, dicindo que o Alcalde fixo chamadas a outros concellos.

En relación ós desbroces comenta a Sra. Raquel López que hai dous sinais de stop rotos e non se repuxeron en Mariz/Uriz e no cruce da capela de San Antón. En Mariz e Casteda non hai carteis que indiquen a financiación da Deputación de Lugo e advirte de que o van a requirir.

O Sr. Alcalde comenta que é vergonzoso e que este é un tema caciquil. O diñeiro sale dos mesmos petos para darlle servizos a cidadanía. As obras que se fan no Concello de Chantada páganas os cidadáns. Sobre o plan Único da Deputación, parte, é do que lle ingresa Fenosa ó Concello de Chantada. Engade que nin a Deputación, nin a xente nin o goberno central nos dan nada a Chantada. Conclúe que terémolo que facer porque senón perderemos o diñeiro do plan único.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, preguntando pola obra que vai de A Ponte a gasolineira. Contesta o Alcalde que xa se falou coa empresa.

Pregunta a Sra. Raquel López Rodríguez, que qué hai das obras das mocións do pleno pasado. Contesta o Alcalde que estanse facendo. Sobre as da Vila, xa se falou coa interventora e falouse co de Fevisa para que nos diga cánto pode costar.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, dicindo que tamén habería que botar un ollo á Costaña e tamén estudar a restrición na praza de Santa Ana de certos vehículos. Comenta sobre a peonalización do casco antigo. Di que vai escoitar os veciños.

Alcalde.- Hai opinión para tódolos gustos. É un tema sensible. O problema é que non hai alternativa para aparcamento. Vamos a reflexionar primeiro nós.

Intervén o Sr. Antón Fente, dicindo que hai varillas que caeron no Faro. Hai que revisar o do perímetro.

Alcalde.- Sí que é para asustarse.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, preguntando sobre a RPT.

Alcalde.- Eu creo que neste mes seguro. O traballo está feito. Nós as centrais sindicais, Invervención e Secretaría, daríamoslle unha volta. Debería estar ben elaborada, porque esta empresa leva feitas moitas.

Intervén a Sra. Raquel López Rodríguez, preguntando sobre o IBI porque dixo que no pleno de marzo que traería a proposta de rebaixa a xullo ou setembro e non o fixo.

Alcalde.- Encargóuselle á interventora. Se lle facemos caso a Antón non cumpriremos a regra de gasto. Se os servizos económicos din que é viable, ímoslle a tocar. O de rústica probablemente o poidamos modificar.

Comenta a Sra. Raquel López Rodríguez, que chegaron os informes sobre a venda de auga que solicitamos e queda acreditado que a actuación da empresa foi ilegal, e pregunta qué medidas van a tomar. Contesta o Sr. Alcalde que este ano a empresa non vendeu e que están barallando o facer unha auditoría que valga para nós, que somos os sufridores, e para os propios da empresa Viaqua. Para facer esa conexión xa lle dixemos o de Viaqua.

**Polo Grupo do PP, Don Fancisco Javier Rodríguez Medela.**

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que dámonos por enterados dos acordos de dación de contas.

En relación coa Xunta de Goberno Local do 21 de agosto que di que hai un pago na suscrición e mantemento de gestiona. Contesta o Alcalde que pensa que será a cuota anual.

Pregunta tamén o Sr. Francisco Javier Rodríguez que na Xunta de Goberno Local do 21 de agosto hai facturas por importe de 30.000€. Contesta o Alcalde que foi unha pista e canalización de augas con fondos propios.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, preguntando polo cambio de ubicación da parada de taxis. Di que os cidadáns perdemos dez prazas de aparcamento.

Intervén o Sr. Castor, dicindo que non se perden, que son as quince licenzas que hai, pero hai que reservar as 15.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, recomendando que en relación ó vertido de puríns falaba de publicalo en Televinte e que se publique un bando. Contesta o Sr. Alcalde que eles sábeno ben e que non lle vou facer un bando.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que na praza de abastos hai un canalón roto e que é unha imaxe moi mala. 26

Pregunta O Sr. Francisco Javier Rodríguez de quén é a rotonda da estrada de Lugo. Contesta o Alcalde que de fomento e da Xunta.

Intervén o Sr. Castor, dicindo que déronos unha idea moi boa para facer.

Intervén o Sr. Francisco Javier Rodríguez Medela, dicindo que cre recordar que existe un proxecto da depuradora.

Abandona o Sr. Rodríguez Medela o Salón.

**Polo Grupo de POR CHANTADA-CUP, Don Antón Fente Parada.**

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que dacións de contas o que xa comentei e que en morosidade os datos son preocupantes.
Alcalde.- Hai facturas que hai que pagar no momento. Tamén as hai que pagas e cobras en xaneiro.

Comenta o Sr. Antón Fente que o volume de reparo é elevado.

Neste intre entra no Salón de Pleno o Concelleiro Don Francisco Javier Rodríguez Medela.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, falando do anticipo de subvencións nominativas, e comenta que houbo unha subvención que se lle deu un anticipo porque é un ente sen ánimo de lucro e que non ten recursos. Pregunta se calquera asociación pode pedir o anticipo do 100%.

Alcalde.- Contesta que á escudería lle é urxentísimo o anticipo e que o que non pide o anticipo



Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 CIF: P2701600E
-concello@concellodechantada.com

cobra todo ó final.

Intervén o Sr. Castor, dicindo que isto faise porque eles teñen que pagar o seguro da proba.

Pregunta o Sr. Antón Fente Parada, en relación á subvención da Xunta para inclusión. Vexo na xustificación que son sobre 22.000€ e se xustifica esta subvención cun traballador que xa é propio do Concello.

Alcalde.- Para cobrar a subvención ó 100% tes que ter as nóminas pagadas do anterior. Din os servizos económicos que hai xente que xa está por sentencia. Este ano arriscando un pouco se podería corrixir.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, en relación ás axudas do GDR, di que se denegaron tódolos proxectos do Concello de Chantada (as propias do Concello). Contesta o Alcalde que están en reserva.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que hai un escrito de 14 de maio de rexistro de entrada que di que hai que aprobar un plan de incendios forestais e un plan de mercadorías perigosas.
Alcalde.- Estase cumprindo coa normativa da Xunta e comunicáronse un montón.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que tamén se falaba dun plan de protección civil.
Alcalde.- Está Castor traballando con eles.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, e pregunta en relación coa ordenanza de axuda de emerxencia social.
Alcalde.- Está o borrador preparado.



Pregunta o  Sr. Antón Fente en relación coa ordenanza reguladora nos espazos públicos ou cesión de espazos públicos.

Alcalde.- Xa se paga por outras cousas.

Comenta o Sr. Antón Fente que en relación coas terrazas hai libertade total e pregunta se se vai facer ordenanza.
Alcalde.- Sí.

Roga o Sr. Antom Fente Parada, que se estude a elaboración dunha ordenanza fiscal de flexibilidade de pago para aboar.
Alcalde.- A Deputación pídeselle fraccionar. Igual hai que levantar reparo.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, dicindo que hai que facer fincapé na compatibilidade dos traballadores.

Comenta o Sr. Antom Fente Parada, que en disciplina urbanística do 17 de xaneiro hai paralización no bar Sylt e que hai cidadanía que pide que se execute e tamén a valedora.
Alcalde.- Estase cociñando. Debería ir á Xunta de Goberno Local. Houbo pasos adiante e atrás cos afectados.

Intervén o Sr. Antom Fente Parada comentando que en relación ó informe xurídico na praza Santa  Ana e pregunta por qué non se fixo nada.
Alcalde.- As últimas informacións e que van a vendelo. Incoa o expediente e gasta cartos. O Sareb non fai nin caso, non vai caducar.

Intervén o Sr. Antón Fente preguntando polo auto da Xunta de Goberno de 7 de agosto que non



Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 CIF: P2701600E
-concello@concellodechantada.com

se explica en qué consiste.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, falando doutra sentencia que condena ó concello a executar a paralización da actividade e pregunta se se executa esta sentencia.
Alcalde.- Hai un recurso presentado. O recurso exime de executar a sentenza.

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo que lles deixo presentar todos os rogos e preguntas que queren pero vai acabando.

Intervén o Sr. Antón Fente Parada, preguntando polas mámoas do monte Faro.
Alcalde.- Non hai novedades.

Intervén o Sr. Antom Fente Parada, dicindo que cre que hai que peonalizar.

Comenta tamén O Sr. Fente Parada que a pista de Vilauxe que non quedou ben. E que de desbroce hai gabias sen desbrozar.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

Manuel L.Varela Rguez.





Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 CIF: P2701600E
-concello@concellodechantada.com